

A large, white, cloud-like banner is held up by several cartoon children. The children are drawn in a simple, friendly style with large heads and small bodies. They are wearing various colored clothes and some have accessories like a teddy bear or a hat. The banner is the central focus of the page, containing text in Galician.

Ola familias o curso que ven estaremos encantados de recibirvos no cole.

Seguro que tedes moitas preguntas. Tentaremos responder algunhas.

Aquí vos deixamos algunha información básica que vos pode axudar:

- Como temos baño dentro da aula os nenos e nenas deben aprender a ir soíños, así que durante este verán debedes ensinarlles a baixar e subir o pantalón e a roupa interior.
- Tamén é importante que aprendan a ser autónomos. Practicade a poñer e sacar unha chaqueta, abotoar un botón...
- Iso si...a roupa que lle mandedes para o cole ten que ser cómoda e que permita ser independente: sen cintos nin tirantes e o calzado con velcro. Os abrigos e a mochila teñen que ter o seu nome.
- Tamén pode axudarvos a preparar a súa mochila coas cousas que necesita.
- Os primeiros días tedes que ter moita paciencia porque é un cambio importante, pasará de estar sempre con vos a quedar coa mestra e as/os compañeiras/os no cole, pero podédesllo facer máis sinxelo se lle contades, sempre de maneira positiva, como é o cole e o que vai a aprender alí.
- Se os primeiros días está triste ou chora non vos preocupedes, despedídevos deles/as con tranquilidade e non lle prometades cousas que non vaiades a facer.



Para que esta nova etapa que comeza sexa agradable e tranquila para os nenos e nenas e as familias, no centro levarase a cabo un "Período de Adaptación" con horarios e agrupamentos diferentes aos do resto do curso. Sería recomendable, na medida das posibilidades de cada un, que reservades uns días das vosas vacacións para poder atender sen abafos esta etapa.

Para calquera dúbida ou consulta podedes chamar ao telefono do 982212469 ou consultar a web www.edu.xunta.gal/centros/ceipluispimentel

Grazas pola vosa colaboración.

